

PALEOCRAFIA LATINA

INSTRUMENTOS E MATERIAIS

No mundo antigo a escritura realizouse sobre diferentes soportes: arxila, pedra, metais..., pero os textos escribíanse sobre **papiro**, planta que medraba ás beiras do Nilo. As fibras interiores da planta cortábanse en tiras finas que se solapaban, as capas premíanse de xeito que quedasen pegadas co propio zume da planta. Cando se secaban ao sol, podíase escribir sobre elas.

As follas enrolábanse sobre un cilindro de madeira ou oso (*umbilicus*), rematado por uns pomos tamén de madeira ou marfil. As marxes superiores do papiro alisábanse con pedra pómez para que non se esfiañasen. Ao rolo atábaselle un anaco de pergameo co título ou o contido e gardábanse en caixas cilíndricas (*capsae*) que se amoreaban nas bibliotecas.



O utensilio que se usaban para escribir no papiro era o *calamus* ou cana con punta recortada, máis tarde, no s. IV d. C., empezaron a usarse as plumas de ave.

A tinta (*atramentum*) que se empregaba estaba feita con borralla, tinta de sepia, pousos de viño... mesturado con goma arábiga da acacia. Máis tarde se empregaron outros compoñentes que contiñan ferro, facendo a tinta máis consistente.

A LETRA CAPITAL


É a máis antiga, son letras maiúsculas altas e iguais. Había varios tipos: capital cadrada, capital cursiva común e capital rústica ou clásica. Nós imos a utilizar este último tipo, **capital rústica**, que era máis estilizado e elegante e que, ademais de usarse sobre papiro con cálamo, empregábase tamén para pintar sobre paredes con pincel ou sobre materiais máis duros con punzón. Conservamos restos desta letra en papiros de época imperial romana e en graffiti de Pompeia.

BREVES NORMAS DE ESCRITURA

Seguindo as mostras de papiros e graffiti, escribiremos este tipo de letra só con maiúsculas e sen división entre palabras.

Recorda que en latín clásico no existía diferenza entre as grafías para V/U, polo que debes usar unha única grafía **V** para ambas. Tampouco existía en latín a letra J, polo que só debes empregar a **I**. Incluímos nesta práctica tamén a **J** só para os nomes propios non latinos (Javier, Jennifer...).

Hai tres letras **B**, **L**, **P** que sobresaen un pouco por riba das demais.



Debes colocar o teu cálamo nun ángulo aproximado de 70° e ensaiar no padrón. Case todas as letras fanse con dous trazos separados anchos, para o que debes mollar o cálamo na tinta de cada vez. Se precisas facer un trazo máis estreito, debes xirar o cálamo.

CAPITALIS RVSTICA LATINA

A A A A A

B B B B B

C C C C C

D D D D D

E E E E E

F F F F F

G G G G G

H H H H

CAPITALIS RVSTICA LATINA

I I I I I

J J J J J

K K K K K

L L L L L

M M M M M

N N N N N

O O O O O

P P P P P

CAPITALIS RVSTICA LATINA

Q Q Q Q

R R R R R

S S S S S

T T T T T

V V V V V

X X X X X

Y Y Y Y Y

Z Z Z Z Z